

# Trata-se de democracia! ... incluíndo a lingüística!

**Si a unha globalización construída polas persoas normais de todas as partes.**

**Si a unha democracia de dereito e de feito baseada na igualdade e na liberdade.**

Xuridicamente, todos temos dereito a informar-nos e expresar-nos libremente, tamén a nivel internacional: **mas na realidade, non!**

Os medios de comunicación de masas está ás ordes dos poderes financeiros. Somentes as élites se comunican con certa facilidade a nivel mundial a través de tradutores e coa axuda dos cartos. **Somentes unha pequena parte da humanidade pode comunicar-se con relativo éxito!**

**E os demais (case o 100%)?**

## E ti?

Xunto coa nosa lingua materna necesitamos dunha lingua común, independente e accesíbel para todos,  
→ que dea a todas as culturas o mesmo lugar na cultura universal,  
→ que introduza no proceso de comunicación internacional aos que até o de agora están marxinados del.

**Só o ESPERANTO fai posíbel**

- unha comunicación de igual a igual,
- unha comunicación democrática e fraternal.

**Contacta coa Asociación Esquerda e Esperanto (S.A.T.E.H. – S.A.T. en Hispanio)**

Apartado de Correos 8537, 28080 Madrid (España)

<[esperanto@nodo50.org](mailto:esperanto@nodo50.org)>

<http://www.nodo50.org/esperanto/>

SAT: <http://www.satesperanto.org>